

NOME CIENTÍFICO

Castanea sativa

Descrición:

Trátase dunha árbore de folla caduca moi apreciada pola súa madeira e os seus froitos. Acada unha altura duns 30 metros e presenta unha codia castaño escura.

Pódese atopar formando parte de soutos, para o aproveitamento de madeira e castañas, ou asilvestrado.



132

As súas follas son estreitas, alternas e co bordo moi dentado. Miden uns 10-25 cm.

Familia: Fagaceae

Orixe: Sueste de Europa

Nome común: Castiñeiro



133



135



134

As súas flores forman amentos. As masculinas (foto) se distribúen ao longo dun eixo e as femininas na base.

O seu froito está recuberto por unha casca verde con espiñas (ourizo) e se presentan en grupos de tres.

Castanea sativa

Hábitat

Require dun clima suave e humidade adecuada para o seu crecemento. Moi sensible ás secas de verán. A súa forte aclimatación ás terras e condicións climáticas de Galicia pode facer pensar que se trata dunha árbore autóctona cando o seu espallamento data da época romana.

Usos ou propiedades

O principal uso é o aproveitamento da súa madeira, moi valorada en ebanistería. Outro aproveitamento tradicional é a utilización do seu froito en alimentación. A castaña tivo unha importancia moi elevada como fonte nutritiva, sendo substituída pola pataca tralo descubrimento de América.

Categoría IUCN

Preocupación menor
(LC)

Curiosidades

A palabra castiñeiro proven do grego “kastanon”, unha vila de Tesalia de moita sona pola calidade das súas castañas. Sativus significa “cultivado” en latín
É moi común en parques e cidades de Galicia o castiñeiro das bruxas ou de indias (*Aesculus hippocastanum*) de xénero diferente e froito non comestible.